A represión franquista en Galicia

Actas dos traballos presentados ao

Congreso da Memoria

Narón,
4 a 7 de decembro de 2003

A represión franquista en Galicia
Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria
Narón, 4 a 7 de decembro de 2003

COMITÉ CIENTÍFICO
Enrique Barrera Beitia
Eliseo Fernández Fernández
Xosé Manuel Suárez
Manuela Santalla López

1ª edición: maio 2005

Deseño e maquetación: Edicións Embora
Ilustración da portada: Alberto Toval

Depósito Legal:

Asasinados por pensar e desexar para todos un mundo mellor: A represión franquista na Comarca de Deza

Manuel Igrexas Rodríguez

Introducción

A Comarca de Deza, na Galicia interior, é eminentemente agraria; a súa historia política no primeiro tercio do XX está marcada polo do caciquismo, baixo o dominio do Marques de Riestra e con Antonio Crespo, alcalde de Lalín (1904-1923) como fiel apoio.

A loita anticaciquil, impulsada polas sociedades de emigrados, obtivo algúns trunfos, pero o movemento agrarista, a pesar da súa fortaleza organizativa (temos contabilizadas máis de 20 sociedades agrarias), non logrou unha influencia política decisiva.

Será a construcción do ferrocarril Zamora-A Coruña, que comeza en 1929 as obras na Comarca, o que aportará un novo pulo social e dará lugar á expansión do movemento obreiro que marcará a República e a represión.

A II República

Podemos resumir o desenvolvemento político da II República nos Concellos de Deza dicindo que seguiu nos seus gobernos municipais os mesmos cambios que os acontecidos nos gabinetes da República: logo da repetición das eleccións a finais de maio do 1931 as corporación son de maioría republicana, dominadas e controladas pola ORGA ou no caso de Rodeiro por AR. Tralas eleccións de 1933, vaise producindo a destitución dos mandatarios locais por outros afíns ao Partido Radical, de tal xeito que en setembro do 34 todos os concellos de Deza son Radicais. Coa subida ao poder de Portela Valladares a fins de 1935, o Goberno civil destitúe aos Radicais impoñendo novos edís afíns ao portelismo que deberían servir para preparar as eleccións de febreiro do 36. Co triunfo da FP repóñense as corporacións de elección popular, aínda que non na súa totalidade, sendo substituídos algúns concelleiros por dirixentes obreiros.

A crise do 29 pecha o fluxo migratorio e os xiros que chegaban de América, esto xera un maior malestar social, que a actuación dos

gobernos republicanos no é que de paliar. Xusto con iso, destacar o protagonismo que adquire o movemento obreiro especialmente nos concellos de Lalín e Silleda, polos que atravesa a liña ferroviaria, e en Carbia co Sindicato mineiro de Fontao[1]. Durante toda a época republicana sucédense os conflictos sociais motivados polas duras condicións laborais do traballo na construcción e tamén polas sucesivas paralizacións das obras que deixaban nunha situación moi precaria aos traballadores. No resto dos concellos (Agolada, Rodeiro e Dozón) esta influencia deixouse notar, aínda que dun xeito máis leve.

As forzas políticas

No verán de 1936, as organizacións políticas con presencia na Comarca son:

Falange Española tiña constituído un grupo en Lalín desde outubro de 1935, dirixido por Mario Fernández Crespo e Amancio Moure Carrero, que logo terían gran protagonismo na represión. A afiliación irá medrando a partir de febreiro do 36, ata chegar aos 30 militantes en xullo. Os dirixentes xunto con algúns militantes estiveron detidos a principios de maio do 36 na Cadea de Lalín por provocar incidentes e tamén participaron no intento de tomar Pontevedra o 20 deste mes. Existía tamén outro pequeno núcleo en Silleda liderado por José Ares Arceo que se destacou na Campaña do Estatuto destruíndo a propaganda a favor do si e promovendo disturbios nos mitins.

Acción Popular co seu presidente Benjamín González Fidalgo é o partido máis importante da dereita. Conta con organizacións en todos os Concellos e as súas xuventudes, as JAP que teñen unha considerable implantación, irán derivando cara posicións máis extremistas a partir de febreiro. Hai tamén un pequeno grupo do Bloque Nacional de Calvo Sotelo, constituído en maio de 1935 a partir dunha escisión da CEDA.

O Partido Radical desaparece practicamente a principios de 1936, aínda que foi un grupo importante, sobre todo no Bienio Negro, cando controlaba os gobernos municipais,.

O Partido Galeguista comeza a organizarse en 1932 en Bandeira e adquire o impulso definitivo co nomeamento de Ramón de Valenzuela como Delegado da Zona en 1935. A súa presencia é moi importante, sobre todo en Lalín, onde o líder local Xesús Golmar se converte en Alcalde en abril de 1936.

Izquierda Republicana é o partido maioritario da esquerda; ten organizacións e controla os gobernos municipais de todos os Concellos. A maioría dos seus membros proveñen da antiga ORGA

e outros de AR cos que esta estivera enfrontada entre 1932 e 1934. Unión Republicana tamén conta con algúns efectivos en Silleda e Lalín.

O PSOE, que ten forte presencia a través das sociedades obreiras do ferrocarril, na súa maioría afiliadas á UGT, e do que temos noticias da constitución das agrupacións de Lalín a finais de 1935; tamén existían activos das JJSS. O grupo de Rodeiro créase en abril do 36.

O PC existe desde 1933 en Lalín, Silleda e Ventosa (Agolada), participando un labrego lalinense, José Villar Pájaro na candidatura ás eleccións de novembro (logran mesmo facer un mitin na vila de Lalín). A súa influencia é tamén importante a través dos obreiros ferroviarios.

Temos que sinalar a unidade de acción dos partidos de esquerdas na Comarca, xa formalizada en xuño de 1935 coa constitución dun Bloque Antifascista en Lalín no que están representados IR, UR, PG, PSOE e PC. Estes grupos deciden unir esforzos para combater á dereita reuníndose nunha sede social única: A Casa da República, inaugurada en decembro. Neste local pretenden organizar un Centro Cultural para conferencias e abrir unha biblioteca.

O 18 de xullo

As novas do Alzamento chegan ao Deza por radio o mesmo día 18. Esa noite achéganse a Lalín grupos de obreiros de Prado e Bendoiro á procura de noticias. Ao día seguinte desprázase a Pontevedra unha delegación cos Alcaldes de Silleda e Carbia e o secretario do Concello de Lalín Manuel Ferreiro acompañados de dirixentes políticos do FP e líderes sindicais. Alí entrevístanse co Gobernador civil. Ao regreso ordenan a requisa de armas a todos os recoñecidos dereitistas para o que se organizan patrullas en todos os concellos mobilizándose os gardas municipais e dirixentes obreiros. Aínda que o cóengo Silva Ferreiro fala da formación de Comités de Defensa, non temos ningunha constancia de que tales Comités se chegaran a constituír nesta comarca. A autoridade estivo sempre en mans dos Alcaldes.

En Lalín mobilízanse as sociedades obreiras e varios grupos achéganse á vila para poñerse ás ordes das autoridades republicanas. Sen embargo, a Garda civil vixía e impide as concentracións. Declarase a folga xeral o 20 de xullo, pechando o comercio. Ordénase a requisa de armas, as polvoreiras das obras do ferrocarril permanecen custodiadas por elementos da FP. Ferreiro, o dirixente da Frente Popular, convoca pola mañá aos presidentes das principais sociedades obreiras para dispor a defensa da República.

O alcalde da instruccións para que a Garda civil reparta as armas do Cuartel entre os obreiros, pero o sarxento comandante négase alegando que só obedece ás autoridades militares.

En Silleda tamén se convoca a folga xeral e os membros da FP proceden á requisa de armas. Na vila de Cruces, a capital do Concello de Carbia, desde onde o día anterior partiu a Garda civil cara Silleda, os dirixentes da FP dispoñen patrullas e vixían as estradas que levan á vila, que estivo baixo o seu mando ata a maña do día 21.

Hai que sinalar que non existiu ningún enfrontamento, agresión nin detención dos elementos de dereitas. As atribucións das autoridades republicanas da Comarca limitáronse ao control da orde pública.

Na tarde do día 20 organízase en Lalín unha columna formada polos obreiros que foran chegando ao logo da mañá á vila mobilizados polas sociedades. Uns douscentos milicianos, con poucas armas, parten en seis camións previamente requisados cara Pontevedra en apoio á República. Á cabeza desta expedición van Manuel Ferreiro e os dirixentes obreiros José Fondevila e José Crespo. Ao seu paso por Silleda únenselles outros elementos da FP en turismos e camionetas.

Cando chegan á capital, xa fora declarado o estado de Guerra e a cidade está baixo o control do Exercito. Os de Deza regresan, algúns deles a pe. En Silleda xa os esperan forzas da Garda Civil, que secundou en todo momento a sublevación, e un grupo de falanxistas e gardas cívicos. Cachéanos e desármanos practicamente sen resistencia, aínda que se produce algún incidente co disparo de armas, sen ningunha consecuencia. Curiosamente non se produce ningunha detención e a maioría regresan ás súas casas.

Os alcaldes e máximos responsables políticos, máis conscientes da nova situación, agóchanse: Manuel Ferreiro, o alcalde de Lalín e Primo López o dirixente de IR de Carbia, marchan a Compostela, aínda que serán detidos en agosto e xulgados; Emilio Alonso Paz o alcalde de Silleda inicia unha pelegrinaxe polos montes do Candán que o levará definitivamente a Portugal, onde é capturado pola policía portuguesa e entregado ás autoridades franquistas; máis sorte terá Marcelino García o dirixente de IR e primeiro presidente da Casa da República lalinense que fuxe tamén cara aos montes do Candán, iniciando unha vida clandestina que non volverá á normalidade ata 1965; o alcalde de Cruces Benjamín Salgado, fuxe a Arzúa onde permanece acubillado ata que en 1945 se presenta acolléndose ao decreto de amnistía para os declarados en rebeldía sen delictos. Este é tamén o caso de Manuel Parga Díaz, mozo dirixente comunista de Silleda, que escondido

primeiro en Compostela e logo na Coruña, onde finalmente se presenta.

Outros lograron permanecer ocultos como José Moreira Espiño o 1º Tenente Alcalde de Silleda, que pasou catro anos nun caseto perto da súa casa ou Manuel Gil Amigo, o que fora presidente da *Unión Obrera de Ponte* e membro de IR de Silleda, a quen finalmente descubren e deteñen en outubro de 1939.

A represión

A partir do día 21, toda a zona está baixo o control da Garda Civil. Desde o Goberno civil empezan a recibir as primeiras ordes para efectuar a represión. En Lalín deteñen a Manuel Guillán Abalo, un mestre de Pontevedra afiliado ao PC de vacacións na Comarca, que aproveitaba para facer propaganda. En Cruces, a Garda civil regresa de Silleda para dar conta da declaración do Estado de guerra e colocar o bando e prodúcense as primeiras detencións: un grupo da FP, os irmáns Villar Cimadevila e o seu cuñado Manuel Blanco, que intentaba deter aos fascistas que se dirixían a Lalín para liberar aos detidos da falanxe da prisión do partido. Proceden ao rexistro dos locais dos Comité de IR que serve como sede do Frente Popular, e aínda que a documentación fora depositada en mans dun dos militantes, logran dar con ela sen que lle dea tempo a destruíla. En Silleda apresan a Miguel Nicolás Esperante.

O día 22 apresan a José Crespo Torres. O 25 un grupo de falanxistas e gardas civís cercan na súa casa de Bermés ao dirixente obreiro José Fondevila que consegue escapar, aínda que ferido, ocultándose en casas de veciños durante algúns meses; finalmente marcha a Portugal, consegue sortear á policía e embarca para Francia desde onde pasa á zona republicana combatindo no exercito leal.

Ordénase a destitución das corporacións republicanas: O 24 de xullo depoñen ao Alcalde de Lalín, ao día seguinte aos de Silleda e Carbia. O 28 tócalle a quenda ao de Rodeiro. A principios de agosto os de Agolada e Dozón. Son substituídos por Alcaldes Delegados de orde pública, coñecidos militantes da dereita, que en moitos casos xa exerceran como alcaldes previamente á proclamación da República ou mesmo durante o bienio negro. A súa misión será fundamentalmente o control e vixilancia da orde e a emisión de informes que serán os que xunto aos da Grada civil propician as condenas dos xulgados en Consellos de Guerra.

En agosto ponse en funcionamento a maquinaria do terror: seguindo ordes das autoridades militares, a Garda civil comeza os

encarceramentos en masa e as torturas nos Cuartelillos. Deteñen ás víctimas nas rúas ou nas súas casas, por ser "significados esquerdistas", por participar nos "sucesos revolucionarios do día 20 de xullo", por opoñerse ao "glorioso movemento nacional". Os primeiros apresados serán os lideres obreiros: os presidentes das sociedades Severino Failde, Ramiro Granja e Luis Varela, aos que tamén se lles incauta a documentación dos sindicatos, que serve para inician novos atestados. Son torturados no cuartel da Garda Civil e obrigados a firmar declaracións redactadas polos gardas que son enviados ao Goberno Militar da capital, onde se inician os Consellos de Guerra.

Así nos relatou un dos detidos o seu paso pola prisión de Lalín:

"Collíanos e levábanos para a carcel e despois tomábanlle declaración e claro, cada un desculpábase o máis que podía, pero non valía. "¡Ti pertences a unha sociedade obreira!": se pertencías mallábante e se non pertencías mallábante igual.

Eu estiven 24 horas no Cuartel, pero foron ben amargas. Eu pensar pensei que me mataban a hostias, porque me deron tantas e tantas e tantas me deron. Eu estaba sentado nunha silla e cando me levantei caín coma un sapo de tantas que me deron na cabeza"[2].

Enchese a prisión municipal de Lalín onde chegaron a estar 70 presos nuns locais onde a penas caben 10, e vense obrigados a habilitar como prisión o edificio do Hospitalillo (unha escola construída polos emigrantes bonaerenses) que previamente fora ocupado para instalar nel o cuartel de Falange. Tamén na Prisión de Silleda se van amoreando os detidos. Alí permanecen ata que son trasladados á prisión de Pontevedra para ser xulgados ou ata que os falanxistas fagan a súa escolla para darlle o paseo ao amencer.

Os paseos

O 16 de agosto aparece no Monte Candán o corpo mutilado de José Rilo, militante galeguista e membro da Sociedade de Traballadores de Bandeira. Días despois, un grupo de falanxistas prepara unha emboscada para asasinar a Luís Muíños, o sindicalista de Ponte (Silleda); Muíños, malferido, logra chegar á súa casa a onde volven buscalo co pretexto de prestar declaración e paséano o 29 de outubro.

Foron poucos os que sufriron inmediatamente o paseo; en xeral, as víctimas son previamente detidas, aínda que moitos son aniquilados antes de ter lugar o xuízo:

O primeiro foi José Fares, o líder sindical da Unión Obreira de Ponte, a quen lle aplican a tristemente famosa "lei de fugas" entre Pontevedra e Caldas o 5 de setembro, coa desculpa dun traslado de

prisión. Días máis tarde, o 9 de outubro, Victorino Areán Diéguez, de Rodeiro, sufre a mesma sorte. Esa madrugada, un grupo de falanxistas sacan da cadea de Lalín a Manuel Guillán e Jesús Froiz, recollen na de Silleda a Ramón Muíños e diríxense a Pontevedra; ao chegar preto da Estrada executános. Na mesma mañá asasinan, tamén nas inmediacións da Estrada, ao practicante de Rodeiro Severino García Teijeiro, que fora xulgado e absolto "por falta de proba" do delicto de auxilio á rebelión en xuízo sumarísimio celebrado en Pontevedra dous días antes.

Xusto un mes despois sacan da Cadea de Pontevedra para darlle o paseo en Tenorio aos lalinenses Luis Frade, José López Bermúdez, Ramiro Granja, Luis Varela Sobrado, José Montouto Rodríguez e Eliseo Garra Lalín, aínda pendentes de xuízo. O 4 de xaneiro de 1937 aplícanlle a lei de fugas a Benito Fernández Balboa, que fora garda municipal en Lalín, a quen sacan da Illa de San Simón onde cumpría a sentencia de cadea perpetua que lle fora imposta en Consello de Guerra o 20 de novembro.

Tamén foron asasinados sen xuízo algúns dos alistados no exército como Eligio Quintá, morto en Ferrol o 6 de outubro ou José Fernández Dobalo, a quen os informes enviados desde Lalín á fronte condenaron á execución. Hai máis casos nesta situación, aínda que non puidemos confirmar os seus nomes.

Aínda que os paseados da comarca van morrer lonxe, o terror matelialízase tamén aqui: outros cadáveres de represaliados dos concellos limítrofes van aparecendo nas cunetas das estradas do Deza nos primeiros meses tralo alzamento: Descobren o corpo de Jesús González Yañez, de Monforte, en Trabancas (Agolada) o 28 de agosto; segundo nos relataron testemuñas orais, foi exposto no balcón dunha casa preto do Concello de Lalín. A Manuel Pardo Corredoira de Santiago e outro sen identificar atópanos mortos en Ponte Sanxusto (Vila de Cruces) o 2 de setembro. Sergio González Paz, o alcalde de Cuntis e outro son recollidos en Pazos (Silleda) o 15 de setembro. Outro cadáver descoñecido aparece en Trabancas o 19 de novembro.

Os xuízos

Os detidos son xulgados en Consellos de guerra sumarísimos, en aplicación dunha curiosa xustiza ao revés que condena por rebelión a aqueles que se mantiveron fieis ao goberno lexítimo.

Os Consellos de guerra constitúen unha farsa xurídica que encubre simples represalias políticas. A maioría dos que temos consultado foron colectivos, en base a sumarios instruídos mediante a aplicación da tortura e firmados polos acusados nunha situación

deplorable e desesperada. Non se desenvolvía ningún tipo de labor probatoria, os informes negativos dos Alcaldes e Comandantes da Garda civil considerábanse incuestionables. O desenvolvemento dos xuízos era un esperpento, un mero trámite para a eliminación física, sen aportación de probas (as testemuñas solicitadas polos acusados non poden asistir ao xuízo, e cando o fan non son tidas en conta; as da acusación en cambio son consideradas irrefutables por provir de persoas de dereitas e mesmo falanxistas), non se fai ningún esforzo por esclarecer os feitos e o apoio do defensor limítase a solicitar a rebaixa da condena.

As sentencias xa estaban dictadas de antemán e o resultado son condenas a morte ou prisión perpetua segundo se considere o grao de perigo dos xulgados, no que se desvela cara onde van encamiñadas as directrices da represión: a imposición de castigos exemplares aos líderes políticos e obreiros.

O primeiro fusilado por sentencia foi Emilio Areán Moure o 24 de xullo. Séguelle Manuel Ferreiro, o ex-alcalde de Lalín o 27 de agosto. En outubro executan ao líder obreiro de Silleda Arturo Pérez Lazara e en decembro ao sindicalista lalinense José Crespo Torres.

O 27 de xaneiro de 1937 morren ante o pelotón de fusilamento os dirixente da FP de Carbia Primo López Rivadulla, Manuel Sarmiento Debén, Eduardo Brea Cajide e Antonio Gómez López. O 16 de marzo tócalle ao alcalde de Silleda Emilio Alonso Paz e ao lider obreiro lalinense José Donsión Muiños. Os silledenses Constantino Conde Penido e Antonio Vázquez Varela foron axusticiados o 30 de xuño.

O cumprimento das sentencias apareceu publicado como noticia nos periódicos, co que se conseguía que a poboación os percibise como advertencia.

Aínda que como xa vimos, o feito de estar prestando servicio no exército sublevado non sempre foi garantía para escapar á represión, outros si salvaron a vida por esta circunstancia, como Germán Areán Diéguez, que non puido ser xulgado xa que estaba desaparecido, aínda que anos despois, en 1956, xa vivindo en Barcelona, cando necesita dunha certificación oficial, descobren os seus antecedentes e reábrese o seu caso, pero alega ter servido en Infantería de Marina e resulta amnistiado. José Manuel Vázquez Castro, militante de IR, alístase como voluntario nos Flechas Negras, e logra tamén salvarse das represalias. Un dos casos máis coñecidos por ser relatado na súa novela *Non agardei por ninguén* é o do dirixente galeguista Ramón de Valenzuela, que logo de pasar un tempo en prisión e saír gracias á axuda dun familiar militar, vese obrigado a alistarse e cando topa a oportunidade pásase na fronte ao bando leal.

Os mozos de reemplazo clasificados como desafectos foron destinados aos "Batallones Disciplinarios de Trabajadores", tamén denominados Batallóns de Traballo, cunhas condicións de vida moi duras. Tal foi o caso de Miguel Nicolás Esperante, o que logo sería coñecido como "Corcheiro" nos anos da guerrilla, que despois de estar detido cinco meses na Prisión de Silleda, e algúns máis en San Simón, pasou polos Batallóns de Traballo de León, Ourense, Miranda de Ebro e Aranjuez. Máis sorte tiveron outros que ao amparo da confusión dos primeiros momentos logran saír do país, como Avelino Taboada, obreiro de Prado, embarcado a finais do verán do 36 cara a Bos Aires no porto de Vigo.

A prisión

Os que libraron da pena de morte nos xuízos, e algúns aos que lles foi conmutada por prisión perpetua ao ser súbditos estranxeiros (José Blanco Otero de Arxentina e José Vázquez Fernández de Cuba), pasan primeiro ao penal da Illa de San Simón, ou o barco prisión Upo Mende, en condicións durísimas, onde algúns topan a morte como o silledense Manuel Noya Gómez. Logo dun tempo, son trasladados a outras prisións para cumprir condena.

A maioría dos presos da Comarca foron parar ao longo de 1937 ao penal do Fuerte San Cristobal, moi preto de Pamplona. Alí morre de tuberculose ao pouco de chegar o cubano José Vázquez. Na prisión había en 1938 dous mil cincocentos reclusos, entre eles moitos galegos, cando un grupo comunista artella unha fuga para tentar chegar á fronteira francesa. O 22 de maio prodúcese o motín, os presos logran reducir a garda e 890 saen do Penal, pero xa era noite e sen orientación nin axuda do exterior fracasan. Colleron a case todos nos dous días seguintes e infrinxíronlles duros castigos e torturas; os considerados dirixentes (entre 300 e 400) foron fusilados. Na persecución dos fugados foron abatidos os lalinenses Adolfo Blanco Barreira, José Carballude González e José Vázquez Fernández; Antonio Costoyas Ares e Antonio Valladares González de Silleda e Enrique Villar Cimadevila e Manuel Cea Asorey de Carbia.

Luís Agra, e os carbienses Manuel Carballal, Jesús Cea, Ramón Cajide, Ramón Ramos Lamas, Guillermo Pampín, Alberto Villar e Rogelio Cajide, que tamén participan na evasión son capturados aínda que logran salvar da morte.

Outro dos escapados, Luís Villar Cimadevila, foi xulgado en Consello de Guerra na mesma cadea de San Cristobal en novembro, sendo condenado a morte e executado o día 23.

Na mesma prisión atopan o seu final Rogelio Cajide Rodríguez que morre o 30 de abril de 1940 e José Natividad Serpa Araque (o

venezolano que chegara a Silleda na compaña co seu cuñado José Fares nos anos trinta) o 24 de xullo. Non tiveron mellor o destino outros presos de San Cristobal: Ramón Ramos Lamas a quen lle foi conmutada a pena en maio de 1941, regresa a Fontao, onde morre en setembro. O mesmo acontécelle a Jesús Cea Asorey, que morre en febreiro de 1942. Outro dos evadidos, Manuel Carballal Pena, suicídase na Prisión de A Coruña logo de ser novamente procesado nos anos corenta.

Os que lograron sobrevivir ás duras condicións das cadeas como San Cristobal ou Astorga, foron saíndo a principios dos anos corenta en liberdade vixiada, obrigados a presentarse unha ou dúas veces por semana no Cuartel da Garda Civil e marcados pola súa condición de ex presidiarios "rojos". Ademais de sufrir o rexeitamento e a marxinación dos seus conveciños, podía volver ser detidos en calquera momento ou ser rexistrados os seus domicilios como medida preventiva. A vida desenvolveuse para eles nun medio hostil e cheo de humillacións pola necesidade avales, salvoconductos ou informes de boa conducta. A moitos non lles quedou máis saída que marchar a outros concellos ou emigrar, sempre que as autoridades non puxeran trabas para facelo.

A represión económica

Pero ademais das mortes e condenas a prisión, padeceron tamén outro tipo de represión: a incautación dos seus bens por ser "responsables directos ou subsidiarios, por acción ou inducción" da oposición ao Movimiento Nacional. O Estado sería o titular e único beneficiario das confiscacións que servirían para cubrir a "responsabilidade civil" dos inculpados.

Ao longo de 1937 van aparecendo nos boletíns provinciais as listas de expedientados, coas sancións ou embargo dos seus bens:

Case que todos os que tiñan algún tipo de propiedade, independentemente de se foran xa executados ou condenados a prisión sufriron estes expedientes: Emilio Alonso, Daniel Sánchez Mallo, Antonio Costoya, José Pérez Canicovas, Francisco Pichel de Silleda. Jaime Gontán, Plácido Villar, Guillermo Pampín, Eduardo Brea, Manuel Carballal e Ramón Asorey de Carbia. Ramiro González Santomé, de Lalín; son algúns dos que temos constancia.

Os poucos que saíron en liberdade tralos xuízos, foron condenados a fortes multas, como Antonio Jar Dobarro, o que fora presidente de IR de Lalín ata febreiro de 1936, que logo de sufrir case 7 meses de prisión, foi xulgado e absolto "por non atopar probas suficientes", pero ao que se lle impuxo unha multa de 20.000 pts

por ser "militante extremista". Como non a pode facer efectiva, proceden ao embargo dos seus bens.

Existiu ademais unha represión económica arbitraria e extraxudicial que aproveitaba a situación de postración dos derrotados: Aparecen recollidas nos libros de rexistro dos Concellos, e tamén en moitos casos na prensa, multas por diversos motivos como berros contra o Caudillo, blasfemar, etc. Estas multas estaban concibidas como escarmento e como presión para disuadir de meterse en política, alentando o medo ante a sanción económica ou a expropiación. Algunhas das novas autoridades chegaron a usar este sistema para o propio beneficio, como o xefe da Falage de Silleda, José Ares, que foi destituído e detido, aínda que rapidamente saíu en liberdade.

Así conseguiron que a represión se estendera ás familias dos sancionados, que ao verse privadas dos seus bens ou ter que pedir préstamos para pagar as multas quedaban moitas veces na miseria.

Un xeito diferente de sanción económica eran as suscricións de diñeiro, ouro e alfaias, roupa e víveres para o Exercito que organizan as novas autoridades. Estas colectas, teóricamente voluntarias, pero na practica obrigatorias, supuxeron unha sangria económica para moitas familias xa castigadas por outros motivos[3]. Podemos apreciar a dureza deste castigo contra os máis desafectos nos donativos para o Exército que entregan "voluntarimente" os obreiros do ferrocarril (nalgúns casos o soldo da xornada) a finais de 1936 e durante o ano seguinte.

Tamén se lle abriu expedientes de responsabilidade a algúns políticos centristas que non estiveron detidos como o que foi alcalde en xaneiro de 1936 e gobernador civil de Almería por dous días en febreiro, Pablo Palmaz Brandido, ou secretario do xulgado de Lalín Jesús Mª Santaló Ponte, candidato número dous na lista de Portela Valladares nas eleccións de febreiro.

A represión laboral

Os republicanos sofren tamén a marxinación laboral. Cando toman o control as novas autoridades municipais, unha das primeiras medidas é a depuración do persoal do concello. Os traballadores que militaban nalgunha das organizacións de esquerdas ou eran acusados de ter "simpatías polo FP" foron inmediatamente cesados. Así se conseguiu neutralizar a influencia social dos desafectos ao réxime e condenalos á marxinación. Só os funcionarios de "probada adhesión al Movimiento" manteñen os seus empregos. Os demais son substituídos por afiliados á Falange ou dereitistas, como un premio para os fieis.

Este labor de limpeza política e ideolóxica continúa nos meses seguintes co resto do persoal ao servicio da Administración:

Cesan aos xuíces municipais de Silleda, Carbia e Rodeiro en agosto, tamén os fiscais municipais son destituídos.

En maio de 1937 prodúcese a depuración dos carteiros, na maioría dos casos a sanción consiste na separación definitiva, como lle acontece a Secundino Agra, Aniceto Neira, Evaristo González ou Andrés Bareo.

A limpeza máis exhaustiva foi a que se emprendeu contra os mestres. Nela existía tamén un elevado compoñente de represión ideolóxica na que xogou un papel fundamental a Igrexa coa denuncia contra os mestres liberais, esquerdistas ou abertos á modernidade. O novo réxime propúxose de inmediato arrincar de raíz as influencias laicas e as da Institución Libre de Enseñanza. Vemos que ao longo dos curso 1936/37 unha das cerimonias máis importantes en todas as parroquias da Comarca é a reposición do crucifixo nas escolas.

A finais de agosto prodúcese a destitución masiva dos mestres de ideas esquerdistas, decretada pola Junta de Defensa Nacional. Algunhas son revisadas e os mestres repostos a finais de novembro. Pero unha purga minuciosa ponse en marcha co nomeamento da Comisión Depuradora do Maxisterio de ámbito provincial, incoando expediente a todos os mestres. Moitos dos sancionados pertencían a Federación de Traballadores da Enseñanza da UGT, que tiña certa implantación entre os escolantes da Comarca pola influencia do seu dirixente, o silledense Víctor Fraiz Villanueva. Tamén son especialmente represaliados os afiliados ao PG. Os cargos máis frecuentes que se lles imputan son: ideoloxía de esquerdas, actitudes contrarias á "Causa Nacional", militancia en organizacións afectas á República, irrelixiosidade ou ateísmo, nacionalismo ou separatismo,... O resultado é un gran número de sancións que van desde a expulsión do corpo, inhabilitación, suspensión ao traslado[4].

Xa rematada a guerra, a Lei 25 de agosto de 1939 declaraba restrinxidas todas as oposicións e concursos, reservando o 80% das prazas para os combatentes do bando nacional: mutilados... Toda posibilidade de traballo quedou controlada polo Estado, asegurando así o réxime o posto de traballo aos seus fieis.

As incautacións

As novas autoridades iniciaron en setembro de 1936 a confiscación dos bens e propiedades dos partidos e organizacións que apoiaron á Frente Popular. Seguindo instruccións dos novos

Gobernos civís nun principio e despois xa dun xeito organizado coa Comisión interministerial de incautación de bens de procedencia marxista.

Comeza cos locais das antigas escolas laicas fundadas polos emigrantes dezaos en América: O edificio da Sociedade *Pro-Escuelas en Bandeira* que fora destinado a finais do curso 1933/34 a Biblioteca popular e sede das organizacións políticas de esquerda, converténdose nunha Casa do Pobo na que se organizan actos políticos e culturais (teatro, escola nocturna, etc.) foi requisado polo Concello, sufrindo ademais o espolio da Biblioteca, e a queima de parte das obras[5]; os das escolas de Hijos de Silleda en Freixeiro (Laro), O Marco (Siador) e Penadauga (Escuadro) cedidos tamén en 1935 para que neles funcionasen os "Comités Galleguistas de izquierda", logo de que desde Silleda se lle comunique a unión dos galeguistas cos partidos de esquerda, tamén foron comisados[6]. Estes edificios pasaron posteriormente ao patrimonio da Organización Sindical, sendo utilizados polo Concello de Silleda para diversos fins. En Lalín foron requisados os bens das escolas de Porreiros (Gresande) e Prado fundadas por Unión del Partido de Lalín.

Ao respecto das organizacións obreiras, a Sociedad de Oficios varios de Lalín, a única que tiña un local en propiedade (unha casa de planta baixa no Campo da feira), onde tamén estaba a sede da Federación de Sociedades obreiras e de agricultores do Concello, foi incautada. A edificación fora construída a principios de 1932 e aínda non estaba rematada, xa que agardaban o cobro dunha subvención do Concello concedida en 1933 que nunca chegou a facerse efectiva. As novas autoridades municipais destinárona a varios servicios (instalando unha báscula para o gando) ata que foi demolida coa reforma do campo da feira. É a memoria popular a que a lembra como a "casa dos obreiros". Este edificio nunca foi devolto nin indemnizados os seus titulares; xa que a casa non estaba inscrita no Rexistro Fiscal, e non existe documentación que permita realizar a reclamación.

O resto das sociedades obreiras, que non contaban con locais sociais da súa propiedade tamén sufriron a incautación dos seus bens: en Lalín, *La Democracia, La Equidad*, a Sociedade Obreira de Vilanova, *La Fraternidad, La Unión de Botos, El Trabajo*, *Obreros da Xesta, Os Carrilanos* de Pontenoufe (Vilanova). En Silleda foron confiscados os das dúas sociedades máis importantes: a *Unión Obrera de Ponte e o Sindicato Obreros Minas de Estaño* de Fontao.

Polo que respecta aos Partidos políticos, sabemos que tamén se procedeu ao embargo do patrimonio da Casa da República de Lalín onde tiñan a súa sede Izquierda Republicana e Unión Republicana.

A represión relixiosa

Un grupo de veciños da parroquia silledense de Vilar, enfrontados co párroco polo pago das oblatas, constituíu en 1903 unha comunidade evanxélica. Nos primeiros anos soportaron o acoso da Igrexa católica que organizou varias misións para contrarrestar a penetración protestante e mesmo sufriron atentados contra a capela que edificaron e que tamén servía como escola. Durante a República a situación foi normalizándose.

No verán do 36 foron detidos varios membros da comunidade acusados de "comunistas" por un sacerdote e unha mestra. A capela Evanxélica e a súa escola foron clausuradas e pechadas o 8 de outubro de 1937 por orde do Gobernador civil de Pontevedra "por ser aquella un centro antipatriótico y desarrollarse en la misma propaganda de carácter izquierdista"[7]. Por sorte as denuncias non prosperaron e os detidos libraron da morte, aínda que foron condenados a diversas penas de cárcere. O 24 de maio do ano seguinte o Gobernador civil ordena a reapertura da capela e da escola.

A represión dos fuxidos e da guerrilla

A ola de violencia que desencadeou o réxime orixinou a fuxida de moitos cara o monte por meras razóns de supervivencia. Son os fuxidos, persoas que sentindo ameazada a súa vida polas súas afinidades republicanas, optaron por refuxiarse en zonas de difícil acceso: grupos dispersos na Serra do Faro, outros nos montes que delimitan os Concellos de Rodeiro e Agolada e Rodeiro e Lalín e tamén na zona do Ulla, en Silleda e Cruces.

Algúns eran simples prófugos, mozos que non se incorporaron ao Exército ao ser chamados os seus reemplazos, pero a maioría estaba formada polos intentan salvar a vida, sendo conscientes das consecuencias que tería a súa detención. Tamén houbo algún que logrou escapan do cárcere, como José Benito Diéguez Dacal, que fuxiu do Depósito municipal de Rodeiro onde estaba preso por inxurias ao réxime en decembro do 36, aínda que o detiveron en xullo do ano seguinte. Ao longo de 1937 a Garda civil dedícase á persecución destes fuxidos, logrando a detención de moitos deles, que son incorporados ao Exército en moitos casos nos batallóns de traballo.

Outros deciden entregarse ás autoridades, ante dificultade de sobrevivir no monte por moito tempo, cando pensaban que a persecución só duraría uns meses, como José Salgado Quintela, un comunista de Brocos (Agolada).

Os que lograron sobrevivir, xunto cos que se irán incorporando ao logo da guerra (perseguidos ou desertores) chegaron a organizarse formando algunhas partidas como a do Largo, en Rodeiro.

Pero esta foi unha guerrilla á defensiva, de autoprotección, de supervivencia. Non temos noticias de ningunha acción importante nestes anos, salvo algunha incursión na que se producen víctimas, como no asalto de Alperiz (Lalín) en marzo 1939 cando dous veciños son executados en represalia por ter denunciado aos escapados.

Este primeira época caracterízase pola dispersión, a falla de organización, o individualismo e as partidas pouco numerosas e tamén pola dura represión que se exerce sobre o maquis: En novembro de 1939 prodúcese un enfrontamento en Pedroso (Rodeiro) entre os guerrilleiros do grupo do Largo e a Garda Civil. Como consecuencia morre un dos membros da partida, José Mª Vázquez Diéguez e o comandante do posto de Rodeiro; deteñen a Benjamín García Diéguez (o Largo) e 6 persoas máis (entre elas 3 mulleres) acusadas de axudar ao fuxidos. Benjamín García sería xulgado en Pontevedra e fusilado.

Dous anos despois, en xuño de 1941, forzas da Benemérita dan co acubillo da partida do Areán e deteñen a Celso Failde Varela, logrando ferir a Román Faílde (O Areán) ao que rematan días despois.

Na represión destas partidas tamén se producen detencións dos que axudan ou protexen aos guerrilleiros. Entre as víctimas atopamos ao último alcalde republicano de Dozón, Amádeo Gutiérrez Janeiro, que lograra saír indemne en 1936. Foi detido a principios de 1942 acusado de colaborar coa guerrilla, en trasladado á Prisión de Ourense onde permaneceu ata 1945.

Entre 1941 e 1945 funcionou nas minas de Fontao (Vila de Cruces), propiedade da Sociedad Estaños de Silleda, unha Colonia Penal á que viñeron destinados presos políticos baixo o réxime de redención de penas polo traballo. Estaban vixiados por un destacamento da Garda civil. Sabemos polas Memorias do Ministerio de Justicia que en 1943 existían neste Destacamento 250 prisioneiros.

Como sucedeu noutros campos, a concentración de prisioneiros republicanos fixo que aquí se reorganizaran o Partido Comunista e tamén os anarquistas.

No verán de 1943 o PC estaba xa organizado nas minas, e a través dos traballadores non penados, en Silleda mesmo, Bandeira, Cruces e Lalín. Algúns destes grupos levan a cabo asaltos e atracos en 1944.

Outros fuxidos seguen actuando por Agolada e Rodeiro: Adolfo Fernández Asorey e José Mª Mosteiro (Ventura) protagonizan en 1945 algunhas accións con resultado de morte.

A partir do núcleo formado nas minas de Fontao, xurde a partida máis importante desta zona: *Os corcheiros*, liderada por Miguel Nicolás Espérante e o asturiano Eugenio Rueda Perosanz, un preso político de Fontao que casara coa súa irmá. Coa formación deste grupo, que logo entra en contacto co de Foucellas, prodúcese un salto cuantitativo na actividade guerrilleira, agora xa claramente orientada polo PC. Prodúcense atracos a falanxistas, requisas de armas, reparto de propaganda,... Asaltan en outubro de 1947 en A Saborida-Vilatuxe (Lalín) un autobús que se dirixe á feira de Bandeira, roubando a todos os ocupantes. A súa actuación máis coñecida sucede en febreiro de 1948, co axustizamento de Jesús Cuñarro en Cercio (Lalín); horas antes suicídase na Vila de Cruces o que fora xefe da Falange local Pedro Permuy logo de aparecer panfletos dirixidos contra el, deixados os guerrilleiros ao seu paso pola vila.

As autoridades deciden tomar novas medidas contra este avance e en 1947 comeza o que se deu en chamar "o trienio do terror": a guerra sucia. Ante a gran cantidade de asaltos que se producen na Comarca, as autoridades crean un Sector Interprovincial da Garda Civil, que comprende o Norte de Pontevedra e chega ata Chántada en Lugo e Melide na Coruña. Instálase en Lalín unha Compañía móbil da Garda civil ao mando do Comandante Manuel Montero formada por uns trinta gardas especializados na loita contra a guerrilla. A súa misión era a eliminación da actividade guerrilleira. Para iso emprenden unha campaña de detencións masivas; todos os que teñen antecedentes sofren malleiras e son torturados para obrigalos a dar información sobre os escapados.

O resultado deste brutal proceso policial é a caída de toda a organización guerrilleira, coa morte de varios dos fuxidos: Benito González, de Lebozán, en novembro de 1947; Miguel Nicolás Espérante, en abril do 48 e José Mª Mosteiro en setembro. Faise ademais unha enorme redada en toda a Comarca na que deteñen a José Villar Pájaro, Adolfo Taboada Silva, Manuel Brandido Docampo, Juan Troiteiro Bravo, Manuel Saa Diéguez, Juan Moreira Espiño, Rogelio Salgado, Manuel Framiñán, Manuel Souto Pena, Francisco Pichel, Miguel Lamas Iglesias, Jaime Agra Blanco, Francisco Blanco Barreira e Francisco Pampín López, que na súa maioría xa estiveran pesos no 36. Todos foron xulgados nun macroproceso na Coruña ao ano seguinte, e condenados a diversas penas de prisión e algúns deles ao desterro.

Como consecuencia deste novo paso polas cárceres morren ao cabo de pouco tempo as últimas víctimas da represión: o mineiro de Carbia Rogelio Salgado Rey, en febreiro de 1950 e Miguel Lamas Iglesias de Donsión (Lalín) en abril de 1951.

Hai que sinalar tamén que en xaneiro de 1953 creouse en Pazos (Silleda), no lugar de Campomarzo outro destacamento penal dedicado á construcción dun viaducto sobre o río Toxa para o ferrocarril Zamora-Santiago. Neste Destacamento traballaron durante varios anos 70 prisioneiros baixo o réxime de redención de penas, custodiados por un Destacamento da Garda civil.

A memoria da represión: A placa de Bos Aires

En Bos Aires, colgada nun dos locais da Federación de Sociedade Galegas hai unha placa de bronce cunha alegoría da República, que a Sociedade de emigrantes *Unión del Partido de Lalín* instalou en 1954 en homenaxe aos que caeron "en defensa de la libertad de la República española y los derechos humanos". Figura nela un listado de 52 persoas, co seu respectivo cargo ou profesión, agrupados por concellos, "asesinados por pensar y desear para todos un mundo mejor"[8].

A sociedade *Unión del Partido de Lalín: Auxiliar y de fomento de sociedades agrarias y culturales en el partido [judicial]*, fúndase en Bos Aires en 1921, cun marcado carácter agrarista e co obxectivo do fomento do ensino laico. Co golpe de estado do 18 de xullo a sociedade apoia con manifestos ao goberno lexitimo e durante a guerra civil organiza en colaboración con *Hijos de Silleda e Pro-escuelas en Bandeira*, coas que formou a Intersocietaria, unha serie de actos cívicos e culturais para recadar fondos para a República[9]. Ao rematar da guerra continúa denunciando os crimes do franquismo sobre todo os da comarca dezá, aínda que tamén se manifestaron nunha carta aberta contra as condenas a morte de varios fuxidos galegos en 1949[10].

En agosto de 1952 a Asemblea xeral da UPL acorda tributar unha homenaxe póstuma a todos os mortos do Partido Xudicial de Lalín (o seu ámbito de actuación) en defensa da República facendo unha placa que os recorde. A idea de facer un recoñecemento público e perdurable aos mártires republicanos xurdira o ano anterior no seo da Comisión Directiva, á que se incorporaran algúns dezaos exiliados a finais dos anos 40, víctimas da onda represiva desencadeada contra a guerrilla; entre eles José Ferreiro (irmán do líder republicano fusilado Manuel Ferreiro), Francisco Blanco Barreiro e Jaime Agra Blanco (xulgados en 1949 e condenados a desterro que deciden exiliarse na Arxentina).

En xullo de 1953, remata a comisión encargada a elaboración da lista dos represaliados e ponse en marcha a homenaxe. Fíxase a data definitiva da inauguración e acórdase que a placa se instale no local da Federación de Sociedades Galegas.

Finalmente, o 14 de abril de 1954, coincidindo cos actos do aniversario da República, inaugúrase con discursos do presidente da Sociedade Bernardino Dobarro e do Secretario xeral da Federación, pechando o acto unha ofrenda floral.

Nos meses seguintes, a UPL pon a venda unha fotografía da Placa, que adquiriron e aínda conservan moitos emigrados dezaos en Bos Aires.

Segundo as nosas investigacións, o listado dos mártires da República na Comarca de Deza que aparece nesta placa é bastante exhaustivo, tendo en conta que foi elaborado partindo fundamentalmente de fontes orais, polo que hai algúns erros na transcrición de apelidos e outros mesmo aparecen co seu alcume. Así vemos recollidos os fusilados e paseados, os que perderon a vida nas prisións (incluídos os abatidos na evasión da cadea de Pamplona), os que morreron a consecuencia do seu paso pola cadea e tamén as víctimas da represión á guerrilla durante os anos corenta. Puidemos localizar a case todos os sinalados na lista, pero quedan algúns casos dubidosos, especialmente aqueles que son identificados como militares, que supoñemos son soldados alistados nas filas do exercito franquista e paseados polos informes que os denunciaban como republicanos, enviados polas novas autoridades.

Anos despois, en 1973, José Manuel Vázquez Castro, un dos promotores desta iniciativa, publica en Bos Aires un folleto de 48 páxinas co título A casi cuatro décadas del martirio de Galicia: 1936-1973[11]. No prólogo afirma Vázquez a necesidade da publicación "para los desmemoriados, los ingenuos y en especial para las generaciones futuras que ignoran de que ralea son los amos y domadores del pueblo español".

Logo de facer unha introducción sobre as causas da rebelión fascista dedica un capítulo a "Galicia", e nel, xustificando o título, fala do rexurdir da loita contra a dictadura (folgas de Ferrol e Vigo de 1972). Describe a continuación o desenvolvemento da represión no Deza, relatando algúns casos e da a "lista incompleta de los fusilados y paseados de Lalín" segundo a Placa da Federación.

O opúsculo foi enviado clandestinamente a moitos militantes de esquerdas de Lalín, en mans dun deles puidemos consultalo.

Coñecemos outra iniciativa similar: En 1959 na sede social do Centro Betanzos de Bos Aires descubriuse unha placa en homenaxe aos mártires da Comarca de Betanzos, aínda que neste caso non figuran no bronce os nomes dos represaliados. O proxecto

iníciase en 1955, coa creación dun *Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito, que en 1958 edita a publicación: Betanzos honra a sus martires*[12] onde se fai un relato da represión e que foi presentada e enviada a moitos betanceiros.

Conclusión

Non se pode topar unha xustificación para esta brutal represión no Deza. Non podemos nin tan sequera consideralas como vinganzas. Como xa indicamos, nin durante a República, nin nos primeiros días do levantamento, houbo agresións ou detencións dos dereitistas; non existiu ningunha manifestación anticlerical, non houbo queima de igrexas e as procesións saíron sempre á rúa; nin sequera se chegou a facer efectiva a secularización dos cemiterios.

Os estudios indican que as matanzas se centraron nos luga-res onde houbo máis resistencia, nas localidades onde os conflic-tos anteriores e a maior presencia de organización de esquerda incitaban a un axuste de contas. Non é este o caso desta Comarca.

A única explicación dos asasinatos, das torturas, da prisión, do espolio económico,... é o terror que impón o fascismo, que necesita da aniquilación física dos seus inimigos, da destrucción da capacidade de resistencia das organizacións obreiras e republicanas para así intimidar aos seus adversarios máis temperados. Só isto aclara por que os Alcaldes, concelleiros, dirixentes sindicais e das organizacións políticas da Frente Popular foron as víctimas.

E aclara tamén por que a represión foi tan difícil de borrar das conciencias, por que lograron disuadir á maioría de "meterse en política" e por que moitos dos que quixemos entrevistar para este traballo foron incapaces de falarnos destes feitos.

Agardamos con este relatorio contribuír a que o esquecemento non sexa unha nova derrota para as víctimas.

Anexos

I

Fragmento dunha carta recibida en Bos Aires por un socio de Hijos de Silleda na que un amigo lle relata a situación en Silleda. A carta aparece publicada no periódico Galicia de Bos Aires nº 507, do 14 febreiro de1937, coa indicación de que se oculta o nome do asínante por temor ás represalias:

"Al fin puedo escribirte con la expansión que yo deseaba, no te lo hice desde Silleda porque al escribir una carta es indispensable

encabezarla con una serie de estupideces que ningún español de corazón y menos gallego, puede sentir.

Desde que se inició esta lucha a muerte en nuestra querida patria y desde que los gallegos fuimos sometidos (engañados desde un principio) a un régimen de fuerza, desde allí debes comprender que nada podía decirte.

Hoy, a los pocos días de encontrarme en Asturias te escribo con esa satisfacción grande que uno experimenta cuando puede decir todo lo que siente. Esta carta representa para mi la bocanada grande de aire puro que uno respira cuando sale del encierro de un cuarto lleno de humo donde se ahogaba.

Desde Silleda ni aun para que supieses que vivía quise escribirte, porque al hacerlo tenía que pintarte un paraíso de lo que es un infierno; y tu que me conoces sabes muy bien que yo no se mentir y que por eso no lo hice. Hoy que gozo de la libertad que pese a todo lo que digan nuestro gobierno nos concede, voy a contarte algo de allí, aunque muy poco porque estoy cansado, las injusticias cuando son muchas agotan al hombre, pero ya en otras sucesivas cartas iré poniéndote al corriente de todo nuestro dolor.

Desde que se inició esta revuelta, la vida en nuestro terruño no vale la pena de vivirla, lo poco que uno tiene hay que entregarlo. Ya por los diarios que desde Sis te envié (más que nada, para que por ellos comprendieses nuestra triste situación) habrás podido comprender que mucho que uno tuviese sería para entregarles. Todas las páginas de nuestra prensa gallega, como habrás visto, están ocupadas por suscripciones: Suscripción de oro para reponer las arcas de la nación; suscripciones en metálico para ayudar al "Glorioso Ejército Salvador"; suscripciones de medicamentos para los hospitales de guerra; suscripciones de ropas para los combatientes, etc., etc. Tanta suscripción no sería nada si su cumplimiento no fuese una obligación, el que no figure en estas listas "voluntariamente" ha de pagarlo con creces a fuerza de multas, pues no contribuir "voluntariamente" representa rebelión.

La vida allí está insoportable, nuestros productos no valen nada y nuestra moneda menos. Hay algo de valor y esto es el poco ganado que puedas tener y es por eso que también te lo llevan.

Allí se vive bajo la impresión de un peligro constante, cualquier denuncia es suficiente para sacarte del medio. Su cobardía llega al extremo de que cometen más víctimas en la retaguardia (donde ellos dominan por la fuerza), que en el frente donde en todo momento demostraron ser unos cobardes.

El alcalde de Silleda Emilio Alonso Paz que se había refugiado en Portugal, fue apresado por los portugueses y entregado por

estos a las fuerzas revolucionarias, las que al parecer lo tienen detenido (si lo tienen) en Pontevedra.

También están detenidos Segundo Arceo y Daniel Sánchez Mallo, ambos ex concejales, su delito es el de haber respondido durante su actuación como tales, al legítimo gobierno de la República.

Como mucha gente no responde al sinnúmero de petitorios de esos insaciables, por miedo a morirse de hambre dando lo poco que les queda, las multas están de moda y por medio de este sistema te sacan quieras que no lo poco que tengas. Como los vecinos de Laro parecen no ir muy de acuerdo con esta moda, las multas allí son más frecuentes.

Entre los fusilamientos habidos en Silleda figuran el de los hermanos Muiños y que tu bien conoces, así como también el del joven argentino Arturo Pérez Lázara que desde hacía pocos años se había radicado entre nosotros siendo también su único delito el de haber simpatizado con los partidos de izquierda. En Bandeira le tocó el turno a Valladares. En total un sinfín de delitos que tarde o temprano tendrán que pagar.

Los revolucionarios no usan nuestros hombres en sus tropas porque no tienen la menor confianza en ellos, es indudable que los gallegos aun bajo ese terror seguimos pensando de igual manera y esto ellos no lo ignoran.

Y nada más por hoy, darás saludos a Emilio a quien también dirás que ya me encuentro entre los nuestros, lo que será motivo para que en próxima carta y a medida que vaya recordando tanto dolor te lo vaya transmitiendo.

Dispón como quieras de tu buen amigo hoy más que nunca gallego.

Manolín"

II

Mestres sancionados na Comarca do Deza

Apelidos, Nome	Concello	Parroquia	Sanción
Gómez Fernández, Mª Milagros	Agolada	Bais	Suspensión + Traslado
Sieiro Fernández, José	Agolada	Eidián	Inhabilitación
Fernández Fernández, Matías	Agolada	Esperante	Suspensión
Follente Carballo, Ramón	Agolada	Feira Nova	Suspensión + Traslado
Civeira Eiriz, Manuel	Agolada	Vilariño	Traslado
López Elicegaray, Juana	Carbia	Besexos	Suspensión

Apelidos, Nome	Concello	Parroquia	Sanción
Álvarez Álvarez, Manuel	Carbia	Ínsua	Inhabilitación
López Concejo, Dionisio	Carbia	Larazo	Suspensión + Traslado
Vidán Torres, Antonio	Carbia	Loño	Inhabilitación
Vázquez Cortegoso, Antonio	Carbia	Obra	Inhabilitación
López Mesigos, Servando	Carbia	Sabrexo	Suspensión
Otero Otero, Benito	Dozón	Sixto	Traslado
López López, Carmen	Dozón	Vilarello	Suspensión
López De Castro, Sebastián	Lalín	Bermés	Traslado
Magariños Granda, Francisco	Lalín	Bermés	Expulsión Do Corpo
Besada Álvarez, Peregrina	Lalín	Cadrón	Suspensión + Traslado
García Beiro, Francisco	Lalín	Corpiño	Traslado
Peiteado Salgado, Tomas	Lalín	Cristimil	Inhabilitación
Vilariño Mouriño, Jesús	Lalín	Goias	Traslado
Golmar Rodríguez, Jesús	Lalín	Meixome	Expulsión Do Corpo
Gallego Varela, Benita	Lalín	Moneixas	Traslado
Barros Muiños, Emilia	Lalín	Palmou	Traslado
Fernández Fernández, Joaquín	Lalín	Prado	Suspensión + Traslado
Ruzo Boullosa, Manuel	Lalín	Rodís	Suspensión + Traslado
Lareu Yáñez, María	Lalín	Sello	Traslado
Paz Sueiro, Juan	Lalín	Vilanova	Suspensión + Traslado
Cuñarro Rodríguez, Sindo	Lalín	Vilatuxe	Suspensión
González Fidalgo, José	Rodeiro	Alceme	Traslado
Rey Carou, Aurelio	Rodeiro	Arnego	Suspensión + Traslado
Montes Hidalgo, Manuel	Rodeiro	Asperelo	Suspensión + Traslado
Justo Rivas, Celso	Rodeiro	Guillar	Suspensión
García Guiace, Gonzalo	Rodeiro	Portela	Traslado
Rodríguez Abril, Eutropio	Rodeiro	Rañestras	Suspensión + Traslado
Diéguez Palmaz, Celso	Rodeiro	Río	Suspensión
Lois Meijomil, Julio	Rodeiro	S Xoan Camba	Traslado
Castillo Puentes, Eladio	Rodeiro	Vilar	Suspensión
Fraiz Villanueva, Higinia	Silleda	Bandeira	Suspensión + Traslado
Zunzunegui Freire, Pedro	Silleda	Bandeira	Suspensión
Iglesias Fernandas, Francisco	Silleda	Cervaña	Suspensión + Traslado
Tobio Cernadas, Manuel	Silleda	Chapa	Traslado
Sarandeses Gutierrez, Celso	Silleda	Escuadro	Traslado
Pombo Vázquez, Marcelino	Silleda	Margaride	Traslado

Apelidos, Nome	Concello	Parroquia	Sanción
Meijide Salgado, José	Silleda	Moalde	Suspensión
Pereiras Pena, Ramón	Silleda	Negreiros	Traslado
Novas Solla, Efigenia	Silleda	Parada	Suspensión + Traslado
Seoane Golmar, Enarnación	Silleda	Saidres	Traslado
García Arguindey, Elisa	Silleda	Taboada	Traslado
García Blázquez, Higinio	Silleda	Taboada	Suspensión + Traslado
Rodríguez Rodríguez, Eugenio	Silleda	Taboada	Suspensión + Traslado

Fonte: Elaboración Propia

III

Sociedad Union del Partido de Lalin. Buenos Aires

Rinde Homenaje A Los Hijos Del Partido De Lalin Que Cayeron En Defensa De La Libertad De La Republica Española Y Los Derechos Humanos.

Lalin

Manuel Ferreiro Panadeiro	Dirigente politico
Luis Frades Pazos	Teniente alcalde
Manuel Arean Mure	Obrero
Jose Bermudez	Obrero
Adolfo Blanco Barreira	Obrero
Jose Carballude	Obrero
Jose Crespo	Port. del Ayuntamiento
Benito Fernandez	Guardia municipal
Amadeo Enriquez Baldonero	Militar
Jose Donsion Muiños	Secretario de la U.G.T.
Jesus Froiz	Guardia municipal
Eliseo Garra	Chofer
Ramiro Granga	Labrador
Celso Lamas	Militar
Miguel Lamas	Labrador
Amancio Lopez	Militar
Gonzalo Lopez	Obrero
Jose Montoto	Labrador
Eligio Quinta Ramos	Obrero
Luis Varela	Obrero
Jose Vazquez	Obrero

Silleda

Emilio Alonso Paz	Alcalde
Constantino Conde Penido	Cartero
Antonio Costoyas	Carpintero
Miguel Esperante Nicolas	Industrial
Jose Fares	Mecanico
Luis Muiños	Labrador
Ramon Muiños	Labrador
Francisco Noya Vazquez	Chofer
Arturo Rey	Joyero
Jose Rilo Bujan	Industrial
Antonio Valladares	Empleado
Antonio Vazquez	Labrador
Aniceto Venocelano	Minero
Francisco Prado	Minero

Carbia

Eduardo Brer	Cobardor
Ramon Budiño	Labrador
Rogelio Cajide	Minero
Ramon Cajide	Minero
Manuel Carballal	Industrial
Jesus Cea	Minero
Manuel Cea	Minero
Antonio Gomez Lopez	Farmaceutico
Primo Lopez Rivadulla	Secretario municipal
Ramon Lombo	Minero
Rogelio Salgado	Labrador
Manuel Sarmiento	Sastre
Manuel Villar	Empleado aduana
Enrique Villar	Escribiente
Luis Villar	Escribiente

Golada

Julio Barreiro	Estudiante

Rodeiro

Victorino Dieguez Arean	Obrero

Asesinados por pensar y desear para todos un mundo mejor.

Se acordo este homenaje en la asamblea de la Sociedad Union del Partido de Lalin realizada el dia 17 de agosto de 1952.

14 de abril de 1954.

Notas

[1]O cóengo Silva Ferreiro recoñece que aínda que a zona non pode denominarse obreira, tiña grande influencia "o elemento traballador debido ás obras do ferrocarril"

[2]Entrevista a Pedro García Paz (22-8-1999)

[3]Ver unha descrición do funcionamento destas suscricións na carta do anexo I.

[4]Ver cadro de sancionados na Comarca no anexo II.

[5]En 1978 os representantes da Sociedade chegaron a un acordo co Concello, que naquel momento ostentaba a titularidade (xa que fora incorporado ao Patrimonio Municipal co carácter de ben de dominio público afecto ao servicio de ensinanza alegando prescrición adquisitiva en virtude de posesión) para convertelo nun teleclube. Actualmente o edificio é sede da Asociación Cultural Vista Alegre de Bandeira.

[6]A devolución destes tres edificios foi reclama ao Concello de Silleda en 1978 polos representantes da Sociedade pero o expediente nunca se resolveu.

[7]Concello de Silleda. Acta Pleno, 5-11-1937

[8]Texto completo da placa no anexo III

[9]"Durante la guerra civil, la Sociedad se impuso la humanísima y patriótica tarea de ayudar, moral y materialmente, a los hombres que luchaban por la justicia y la libertad del pueblo; haciendo una pausa en esta labor, al caer la República." Discurso de Jesús Blanco, Presidente de UPL o 1-2-1952 (32 aniversario da fundación de UPL) [Arquivo CLBA]

[10]*Denunciamos los crímenes y el terror franquista*, xuño 1949 [Arquivo CLBA]

[11]José Manuel Vázquez Castro, nacido en Cuba en 1914, retorna coa súa familia a Bermés (Lalín) nos anos vinte, e durante a República foi correspondente en Lalín dos xornais *El Pueblo Gallego* e *El País*. Na guerra foi voluntario dos Flechas Negras para escapar da represión. En 1948 marcha a Bos Aires e ingresa na UPL, onde moi pronto ocupa cargos na directiva. Na prensa pro-republicana da emigración bonaerense (*España Republicana, Galicia*) publica unha serie de artigos lembrando a represión e facéndose eco da loita contra a dictadura (*Recuerdos de 1936: La horrenda tragedia de Lalín, Las guerrillas de Lalín, La desgracia española, España bajo la República, La responsabilidad de la Iglesia*). O seu folleto é, en realidade, unha recompilación destes seus artigos.

[12]Recentemente foi publicada unha edición facsimilar

Fontes

Arquivos:

ARQUIVO CENTRO LALÍN DE BOS AIRES:
Unión del Partido de Lalín, *Libro de Actas da Comisión Directiva.*
Unión del Partido de Lalín, *Libro de Actas da Asamblea Xeral*.

Libro de Actas del Centro Lalín de Buenos Aires.
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Arquivo Histórico Universitario. Santiago de Compostela.
Arquivos Municipais de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.
Arquivo Xeral da Zona Marítima do Cantabrico. Ferrol.
Arquivo do Tribunal Militar Territorial Cuarto. A Coruña.
Rexistros Civís de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

Prensa:
BOP
Faro de Vigo
Galicia. Buenos Aires
A Nosa Terra.
El País. Pontevedra
El Pueblo Gallego. Vigo

Testemuñas orais
Pedro García Paz, Julio Calviño Friol, José Antonio Quintá Ramos, Jesús Iglesias González, Emilio Rilo González, Leonor Neira Rodríguez, Regina Montouto e Alberte Frade.

Bibliografía

CASANOVA, J. (coord.), *Morir, matar, sobrevivir : La violencia en la dictadura de Franco*, Crítica, 2002.
COMITÉ DE HOMENAJE A LOS MÁRTIRES DE BETANZOS Y SU DISTRITO, *Betanzos honra a sus martires* (ed. facsimilar), Santiago, 2001
FREIXANES, VÍCTOR F., *O fresco : Memoria dun fuxido 1936*, Vigo, Xerais.
HEINE, H. *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Xerais, 1980
MALHEIRO GUTIÉRREZ, XOSÉ M., *A escola de Bandeira : Unha nova escola en Galicia 1909-1936*, Bandeira, Asociación Cultural Vista Alegre, 2000.
SABÍN, J. M., *Prisión y muerte en la España de posguerra*, Madrid, Anaya.
SANTIDRIÁN, V., *Historia do PCE en Galicia (1920-1969)*, Do Castro, Sada, 2002.
SANTOS JULIÁ (coord.), *Víctimas de la guerra civil*, Temas de Hoy, Madrid, 1999.
SILVA FERREIRO, M., *Galicia y el Movimiento Nacional,* Santiago de Compostela, 1938.
TORRES LUNA, R., *El Lugo de la diáspora*, Do Castro, Sada, 1987.
VÁZQUEZ, J. M., *A casi cuatro décadas del martirio de Galicia: 1936-1973*, Buenos Aires, 1973.